

ACTA NÚM. 9/2023.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 29 DE XUÑO DE 2023.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 29 de xuño de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asiste:
WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

-
- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 17 DE XUÑO DE 2023.
 - 2º) DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS E DO NOMEAMENTO DE VOCEIROS.
 - 3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.
 - 4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.
 - 5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

6º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, ASI COMO DAS DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO E XENÉRICAS.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓNS E ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS DO CONCELLO.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL.

10º) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 17 DE XUÑO DE 2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 7/2023, do 17.06.2023. Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS E DO NOMEAMENTO DE VOCEIROS.

Por secretaría, de orde do Sr. Alcalde, deuse lectura aos escritos de constitución dos grupos políticos municipais, quedando formados do seguinte xeito:

1) GRUPO DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL: PABLO LAGO SANMARTÍN; SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ; CARLOS NOYA PEREIRA; MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ; JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ e MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

VOCEIRA TITULAR: SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.

VOCEIRO SUPLENTE: PABLO LAGO SANMARTÍN.

2) GRUPO DO PARTIDO POPULAR: MARÍA FARIÑA BELLÓN; WALDO CARBALLO GARCÍA; ADRIÁN GARCÍA GARCÍA e TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

VOCEIRO TITULAR: ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.

VOCEIRA SUPLENTE: MARÍA FARIÑA BELLÓN.

3) GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: XOSÉ LUIS PENAS CORRAL; TERESA A. ANDRADE CARRILLO e FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

VOCEIRO TITULAR: XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

VOCEIRA SUPLENTE: TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

O Pleno toma coñecemento.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

Visto que o artigo 46.2.a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), ordena que o Pleno dos concellos cunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes celebren sesión ordinaria como mínimo cada dous meses e que, por outra banda, o artigo 3 do Regulamento orgánico do Concello de Brión, concordante co artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre a periodicidade das sesións do Pleno, que xa se atopa establecido nese artigo do regulamento orgánico, e non considerándose necesario por esta alcaldía facer ningunha modificación, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses de conformidade co previsto no artigo 3 do Regulamento orgánico do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que o horario que ten o Pleno supón un trastorno aos concelleiros que traballan, e para non perturbar o traballo normal sería lóxico poñelos ás 17,00 horas.

O Sr. Alcalde sinala que os plenos pola tarde suporían que terían que traballar a esa hora o porteiro, un policía municipal e un informático, e que loxicamente terían que cobrar; nunca poderemos poñermos de acordo no horario, e teño que dicir que os traballadores teñen dereito a ausentarse do seu traballo para asistir aos plenos; engade que ás 17,00 horas a alguén lle pode vir ben, pero a min por exemplo non, porque con nenas pequenas tampouco podería.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que votaremos a favor da periodicidade; respecto do horario compartimos o que di o PP.

O Sr. Alcalde sinala que non entendo a problemática de celebralo ás 13,00 horas, porque as 17,00 horas tamén viría mal, e por outra banda dicir que en Santiago por exemplo pasáronos para a mañá.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dada conta da proposta da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

Constituída a nova Corporación, en sesión celebrada o día 17.06.2023, como consecuencia das eleccións locais celebradas o 28.05.2023, de conformidade co disposto no art. 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), se estima procedente a constitución, determinación da composición e réxime de funcionamento das Comisións Informativas de carácter permanente deste Concello, ao seren preceptivas segundo o disposto no art. 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL).

A súa función consiste no estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñen que ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os/as concelleiros/as que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Será preceptivo o seu ditame cando a Xunta de Goberno Local actúe con competencias delegadas polo Pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes.

Así mesmo, emitirán ditame sobre aqueles asuntos da competencia da Xunta de Goberno Local e do alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

De conformidade co disposto no art. 124.2 en relación co art. 125, ambos do ROF, corresponde ao Pleno, a proposta do alcalde, a determinación do seu número e denominación iniciais, procurando que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados no Concello.

Segundo o art. 20.1.c) da LBRL todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes aos mesmos en proporción ao número de concelleiros/as que teñan no Pleno.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 38 en relación cos artigos 123 a 127 e 134 a 138 do ROF, por esta alcaldía propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Constituír as Comisións Informativas de carácter permanente que se relacionan, coa seguinte denominación:

1. Comisión Informativa Especial de Contas, que actuará como permanente de Facenda.
2. Comisión Informativa de Servizos.

2º) As Comisións Informativas estarán integradas polos seguintes membros:

1.- Comisión Informativa Especial de Contas, por un total de 4 membros:

- 2 representantes do grupo municipal do PSG-PSOE:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín.

Membros titulares: José Antonio Vidal González.

Membros suplentes: María Rosa Romero Fariña e Carlos Noya Pereira.

- 1 representantes do grupo municipal do PP: A designar.

- 1 representante do grupo municipal do BNG: A designar.

2.- Comisión Informativa de Servizos, por un total de 4 membros:

- 2 representantes do grupo municipal do PSG-PSOE:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín.

Membros titulares: José Antonio Vidal González.

Membros suplentes: María Rosa Romero Fariña e Carlos Noya Pereira.

- 1 representante do grupo municipal do PP: A designar.

- 1 representante do grupo municipal do BNG: A designar.

A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, se realizará mediante escrito do seu portavoz dirixido ao alcalde, do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.

3º) Todas as Comisións Informativas estarán presididas polo alcalde, quen poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

4º) As Comisións Informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do ROF e no regulamento orgánico municipal.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que os designarán por escrito.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós agora xa imos designar aos nosos representantes que serán:

Na Comisión Informativa Especial de Contas: Titular: José Luis Penas Corral. Suplente: Fructuoso Souto Castiñeira.

Na Comisión Informativa de Servizos: Titular: Fructuoso Souto Castiñeira. Suplente: José Luis Penas Corral.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta coas designacións realizadas polo BNG, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta coas designacións realizadas polo BNG.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

Para dar cumprimento ao disposto no art. 38 c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), se procede a realizar o nomeamento dos representantes deste Concello nos órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Por esta alcaldía propónse:

1º) Nomear aos seguintes representantes:

1. MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA:

1.1. Asambleas:

- Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.
- Un representante do grupo municipal do PSG-PSOE: Carlos Noya Pereira.
- Un representante do grupo municipal do PP: A designar polo grupo.
- Un representante do grupo municipal do BNG: A designar polo grupo.

1.2. Xunta da Mancomunidade:

- Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.
- Un concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE: Carlos Noya Pereira, en representación do grupo PSG-PSOE da Mancomunidade.

2. MANCOMUNIDADE DE SANTIAGO:

-. Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.

3. CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR:

Titular: María Rosa Romero Fariña.

Suplente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello.

4. CONSELLOS ESCOLARES DO IES DE BRIÓN, DO CEIP DE PEDROUZOS, DA ESCOLA DE OS ÁNXELES E DA ESCOLA DE BASTAVALES: María Guarina Rey Vázquez.

5. FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE:

Representante de carácter político: María Rosa Romero Fariña

Representante de carácter técnico: María Victoria Varela Rodríguez, traballadora social.

6. GDR 19 ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA:

Titular: María Guarina Rey Vázquez.

Suplente: Pablo Lago Sanmartín.

7. ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA.

Representantes de índole político: Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello, e María Guarina Rey Vázquez.

Representante de carácter técnico: Alberto Álvarez Escudero, xestor cultural.

A designación dos membros de órganos colexiados polos grupos políticos, cando proceda, realizarase mediante escrito do voceiro de cada grupo político dirixido ao alcalde.

2º) Notificar este acordo aos concelleiros designados para os efectos da aceptación dos nomeamentos conferidos que, en todo caso, se entenderán aceptados tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde o seguinte ao de notificación non realizan manifestación expresa en contrario.

3º) Dar conta deste acordo ás administracións e entidades de cuxos órganos colexiados forma parte o Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que os designarán por escrito.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós agora xa imos designar ao noso representante que sería: **MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA: Asamblea: Fructuoso Souto Castiñeira.**

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta coa designación realizada polo BNG, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).
Queda aprobada a proposta coa designación realizada polo BNG.

6º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, ASI COMO DAS DELEGACIÓN S DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO E XENÉRICAS.

6.1. Dada conta da resolución da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

Visto que o 17 de xuño de 2023 se constituíu a corporación municipal do Concello de Brión.

Considerando que, de conformidade co disposto nos artigos 20.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL) e 59.2.b. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, neste Concello debe existir por imperativo legal unha Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a cinco mil habitantes.

Considerando o establecido no art. 23 da LBRL e nos artigos 43, 46, e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

- SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
- CARLOS NOYA PEREIRA.
- JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
- MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

2º) Nomear tenentes de alcalde do Concello a:

- Primeiro: SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
- Segundo: CARLOS NOYA PEREIRA.
- Terceiro: JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
- Cuarto: MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

Os tenentes de alcalde, pola orde do seu nomeamento, substituirán ao alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas funcións, de conformidade co previsto nos artigos 46, 47 e 48 do ROF.

3º) A Xunta de Goberno Local constituirase nos dez días seguintes á data desta resolución e celebrará as súas sesións ordinarias todos os martes, a contar desde a data da súa constitución, ás 14:00 horas, agás que por causas xustificadas se adiantase ou atrasase a hora pola alcaldía. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

4º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da alcaldía:

- O outorgamento das licenzas e comunicacións previas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

-. A aprobación das liquidacións tributarias devengadas pola tramitación de licenzas e comunicacións previas.

Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na súa sesión constitutiva para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

5º) Notificar esta resolución aos concelleiros designados, publicala no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

6.2. Dada conta igualmente da resolución da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

Resultando que no Pleno do 17.06.2023 produciuse a miña toma de posesión como alcalde deste Concello.

Resultando necesario proceder á reorganización do goberno municipal para adaptar a composición dos distintos órganos á nova realidade xurdida como consecuencia das eleccións locais do 28.05.2023.

Considerando que, de acordo co previsto no art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL) “o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións (...)” e que consonte ao art. 23.4 da LBRL “o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, nos tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calquera concelleiro, aínda que non pertenceran a aquela”.

Considerando o disposto nos artigos 43 e 44 e na Disposición Adicional 4ª do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Conferir delegacións xenéricas de servizos nas persoas que se indican, que comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

1. Política Social, Servizos Sociais, Igualdade, Maiores e Música: María Rosa Romero Fariña.
2. Medio Rural, Obras Públicas, Alumeado e Auga: José Antonio Vidal González.
3. Deportes ,Seguridade Cidadá, Policía Municipal, Protección Civil, Sinalización e Festas: Carlos Noya Pereira.
4. Biblioteca, Cultura e Actividades Extraescolares: Sandy Marie Cebral Gómez.
5. Turismo, Patrimonio, Promoción Económica, Emprego, e Asociación Terras de Compostela: María Guarina Rey Vázquez.

2º) Notificar esta resolución aos concelleiros designados, entendéndose tacitamente aceptadas as delegacións agás manifestación expresa en contrario no prazo de tres día hábiles.

3º) Dispor a publicación desta resolución no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Pleno toma coñecemento.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RÉXIME DE DEDICACIÓNS E ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

Constituída a nova Corporación con data 17.06.2023, como consecuencia das eleccións locais do 28.05.2023, procede a adopción de acordos sobre retribucións por dedicacións exclusivas e parciais e asistencias a órganos colexiados.

Considerando esta alcaldía necesario establecer unha dedicación exclusiva para o cargo de alcalde, que se xustifica polo volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza deste Concello, que fan necesario para o seu axeitado seguimento e atención específica que este cargo teña dedicación exclusiva, pola responsabilidade que implica e a dedicación de tempo necesaria.

Os artigos 75.4 e 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establecen que os membros das corporacións locais poden percibir retribucións polo exercicio do seu cargo, tanto en réxime de dedicación exclusiva como parcial, así como, no caso de que non se perciban retribucións por dedicación exclusiva nin parcial, asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación, na contía sinalada polo propio Pleno.

Correspóndelle, así mesmo, o réxime de desenvolvemento das normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas no que se refire ás indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo.

Visto o artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (en adiante ROF), que tras reiterar o anterior, indica que o Pleno corporativo, a proposta do presidente, determinará, dentro da consignación global contida no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Polo demais, o citado artigo 75.5 da LBRL preceptúa que os acordos plenarios referentes as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva ou parcial, así como o réxime de indemnizacións e asistencias deberán publicarse integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Vista a Disposición Adicional 27 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, onde figura o réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

No exercicio da atribución conferida polo artigo 21.1 a. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, proponse ao Pleno o seguinte acordo:

1º) Establecer o réxime de dedicación exclusiva, con efectos desde o día de aprobación desta proposta, para o seguinte cargo:

1.1. Alcaldía: Importe bruto anual (14 mensualidades): 49.000,00 euros. As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro.

2º) Establecer o réxime de dedicación parcial, con efectos desde o día de aprobación desta proposta, para os seguintes cargos:

1. Concelleiro delegado de Deportes, Seguridade Cidadá, Policía Municipal, Protección Civil, Sinalización e Festas: Carlos Noya Pereira; importe bruto mensual (14 mensualidades): 1.000,00 euros. As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro. Grao de responsabilidade: Dedicación parcial (25 horas semanais).

2. Concelleira delegada de Biblioteca, Cultura e Actividades Extraescolares: Sandy Marie Cebal Gómez; importe bruto mensual (14 mensualidades): 600,00 euros. As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro. Grao de responsabilidade: Dedicación parcial (15 horas semanais).

3. Concelleira delegada de Turismo, Patrimonio, Promoción Económica, Emprego, e Asociación Terras de Compostela: María Guarina Rey Vázquez, importe bruto mensual (14 mensualidades): 600,00 euros. As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro. Grao de responsabilidade: Dedicación parcial (15 horas semanais).

3º) Non modificar o réxime de asistencia a sesións de órganos colexiados actualmente vixente, que é o seguinte:

- Asistencia a sesión do Pleno: 100,00 € por cada asistencia efectiva.
- Asistencia a sesión de Xunta de Goberno Local: 125,00 € por cada asistencia efectiva.
- Asistencia a sesión de Comisión Informativa: 100,00 € por cada asistencia efectiva.

4º) Aprobar inicialmente a modificación da base de execución do orzamento número 68, para adaptala ao novo réxime retributivo acordado e expoñer ao público polo prazo de quince días hábiles o expediente de modificación mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados. No caso de que non se presenten reclamacións elevarase a definitivo o acordo, debendo publicarse no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o réxime de dedicación e asistencia aprobado para xeral coñecemento.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que nós ímonos abster; non nos imos meter nos importes, entendemos que un servidor público estea ben remunerado e esperamos que esas retribucións se correspondan cun traballo ben feito, pero queremos facer dúas observacións, primeiro que non se intentou ningún tipo de consenso con este grupo, somos sete contra seis polo que o PSoe debe buscar o consenso, e en segundo lugar dicir que hai un incremento de case o 10%, porque pasa de 42.000 a 49.000 euros, e que cando votamos en contra sobre o réxime de sesións o Alcalde dixo que habería incremento do gasto de persoal, pero non di que haxa incremento de gasto co seu saldo, que isto é unha contradición.

O Sr. Alcalde sinala que xa me dirá a quen teño que dirixirme no PP; o meu soldo está dentro do establecido na lei e considero que é correcto para o traballo que fago e intentarei consensos con todos os membros do grupo.

O Sr. Concelleiro García García sinala que iso que di vostede é dificilmente fiscalizable, porque o soldo ponllo vostede, e iso de que traballa moito non parece ser así, porque nas eleccións locais parece que o seu traballo non estivo tan ben feito, penso que debe falar coas demais forzas, desexo que faga o mellor posible o seu traballo polos veciños de Brión.

O Sr. Alcalde sinala que creo recordar que gañamos as eleccións, e quen valora o traballo son eu porque a min chámame a calquera hora e atendo aos veciños.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que os deberes políticos están sen facer; se con oito concelleiros non xestionaban ben, con seis non o van poder facer, e dicir que a min ás dúas da mañá non, pero as dez da noite si que me chaman veciños.

Vostede non se sentou con ningún grupo político e non sei se xa sabía quen era o voceiro do PP, sorpréndenos que se convocara este Pleno sabendo que un concelleiro do PP non ía asistir, sabemos que é un xogo político correcto, pero non é ético, eu dende logo non o convocaría, deixo aí a pregunta, o sabía vostede con anterioridade?

Nós consideramos que o Pleno debe facer política en maiúsculas, vostedes gañaron as eleccións pero en minoría, sabemos que o soldo é legal; polo Pleno van pasar centos de cousas coas que ten que negociar, debe traballar vostede en pos do diálogo e colaboración, e como hai tempo de facer e desfacer xa veremos como se vota en próximos Plenos.

A súa proposta está consensuada consigo mesmo, o máximo legal está en 52.000 euros, subiu un 10% e se pasou de oito a seis concelleiros debe baixar igualmente o soldo, esperamos que sexa positivo ese soldo; respecto do importe das parciais non é moi digno, sube moito o soldo do Alcalde e o deles non, non cobran nin o salario base, esperamos que o traballo non sexa tamén base; en definitiva en política vale case todo, pero hai unha cousa que se chama ética e nos como si a temos non nos presentamos na proclamación para Alcalde, para evitar sospeitas; na Deputación falase de todo e con todos antes do Pleno e iso é o que lle pedimos, que trate de consensuar as cousas.

O Sr. Alcalde sinala que o felicito por traer todo moi ben escrito e explicado; este é un Pleno convocado para sacar as cousas adiante e por ética o convido a que lle dea o soldo da Deputación á concelleira que ten ao seu carón, e ven vostede aquí e traballamos os dous sen cobrar ningún; o urxente é que a Xunta de Goberno Local poida funcionar e sacar as cousas dos veciños adiante; ben sei que non teño maioría, xa sei que non está nada escrito nin é definitivo, si algo quero é a Brión, que veño aquí a traballar por Brión todo o que sexa necesario.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nas mesas de negociación vai quen di o partido, o PSOE non me vai dar leccións a min diso.

O Sr. Alcalde sinala que pediume vostede vinte días de espera e eu non podo esperar tanto, o Concello ten que funcionar, que o Concello non pode ter a culpa de que os veciños non teñan as licenzas, para iso foi este Pleno, e a partir de agora chegaremos a acordos que teñamos que chegar, e a proposta que me fixo vostede non podía asinarse, vostede estaba esperando para ver se saía cun soldo na Deputación, e non se negocia igual.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que vostede cando non ten que argumentar recorre á Deputación, o PSOE ten deputados na Deputación que levan vinte anos, e agora os do BNG non poden repetir.

O Sr. Alcalde sinala que eu falei de ética, Goreti subiu o soldo en Santiago e mudou os Plenos de oito da tarde para as doce da mañá, a ética vai por barrios, eu convoquei por ser necesario para que o Concello non estea paralizado.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

De conformidade co sinalado no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma administración, aínda que non sexan xerarquicamente dependentes.

Visto o art. 64.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como o art. 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, relativo á delegación de atribucións do Pleno na alcaldía e na Xunta de Goberno Local, esta alcaldía en aras do interese público, co fin de axilizar na medida do posible as xestións dos asuntos municipais, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado 1 da Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que celebre o Concello, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao alcalde, conforme ao apartado 1 da Disposición Adicional 2ª.
4. As competencias para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas ao alcalde conforme ao disposto no apartado 9 da Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.
5. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
6. O establecemento e modificación dos prezos públicos. (art. 47 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

Consonte ao disposto polo art. 123.1 do ROF, as comisións informativas ditaminarán previamente os asuntos que se sometan á decisión da Xunta de Goberno Local en exercicio das competencias delegadas polo Pleno, agás que se trate de asuntos declarados urxentes.

2º) A delegación comprende tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Exclúense da presente delegación as competencias relacionadas no artigo 47.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das competencias delegadas polo Pleno enténdense ditados polo órgano delegante, ao que lle

corresponderá, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

3º) Este acordo producirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos do Concello, de conformidade co previsto no art. 51 ROF e artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4º) Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que a vostede échese a boca con Brión, aquí estamos todos polo ben de Brión e ademais entra vostede en cuestións persoais.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que imos votar en contra por falta de negociación, xa sei que o ides aprobar.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 6, pertencentes aos grupos municipais do PP(3) e BNG (3).

Abstencións: 0.

Ao darse a situación de empate realízase unha segunda votación consonte co disposto no artigo 100.2 do ROF, e persistindo o resultado de empate, decide o voto de calidade da alcaldía aprobando a proposta.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 26.06.2023, que transcrita di:

Sendo preciso contar cos servizos de persoal eventual para o desempeño de funcións de confianza ou asesoramento especial, e de conformidade co establecido nos artigos 89,104 e 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no artigo 12 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e nos artigos 20.2.d), 29 a 31 e 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) O número, características e retribucións do persoal eventual do Concello de Brión será o seguinte:

Número: Unha persoa.

Características: Auxiliar administrativo con dedicación exclusiva, equiparado ao grupo C2, nivel complemento destino:16. Retribucións brutas anuais posto: 18.688,30 euros.

As retribucións expresadas actualizaranse anualmente nos mesmos termos que se determine para os postos de traballo de persoal funcionario, consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos orzamentos xerais do Estado; quedando sometida ao réxime do persoal funcionario, agás no relativo ao nomeamento e cesamento.

Poderá asignarse ao persoal eventual o complemento de produtividade nas condicións en que estea autorizada a súa aplicación na normativa de xeral aplicación e nas que se determinen nos acordos correspondentes.

A persoa designada percibirá as retribucións asignadas cando se dean as tres condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por resolución da alcaldía, se acredite polo nomeado que reúne as condicións de capacidade e compatibilidade para o desempeño e se dea a aceptación expresa do cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas pola alcaldía nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.

Na resolución de nomeamento indicárase de forma xeral o contido das funcións, tarefas ou cometidos encomendados. No referente ao cumprimento da xornada laboral e réxime de licenzas e permisos deste persoal eventual será a alcaldía o responsable da súa autorización e xustificación no sistema de control de presenza.

2º) Publicar este acordo na forma establecida no apartado 5 do artigo 104.bis da Lei reguladora das bases de réxime local e no portal de transparencia do Concello, de conformidade co establecido no artigo 8.1.f. da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O nomeamento do funcionario de emprego, as súas retribucións e o seu réxime de dedicación será obxecto da publicidade indicada no parágrafo anterior.

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

10º) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS.

Dada conta da resolución da alcaldía do 22.06.2023, que transcrita di:

O Código Civil dispón no seu artigo 51 que será competente para celebrar o matrimonio civil o Xuíz de Paz ou o Alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue.

De conformidade co disposto no artigo 51 do Código Civil, en concordancia co artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, resolvo:

1º) Conceder delegación especial á concelleira María Rosa Romero Fariña para que, no exercicio da competencia prevista no artigo 51 do Código Civil, autorice, na forma que o propio Código establece, os matrimonios civís que se celebren neste concello.

2º) O presente decreto producirá efecto a partir do día de hoxe, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, debendo darse conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

3º) Notificar este decreto á interesada para o seu coñecemento e efectos.

O Pleno toma coñecemento.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González